3. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal, a tempo completo ou a tempo parcial, que se realicen con persoas desempregadas pertencentes a algún dos colectivos relacionados no artigo 3.2 desta orde.



**Artigo 44. Requisitos**

1. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola cal se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa, no ámbito territorial de Galicia, respecto aos tres meses anteriores ao mes de realización da contratación pola cal se solicita subvención.

2. Como consecuencia da contratación indefinida inicial e da contratación temporal que se fomenta ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia, respecto aos tres meses anteriores ao mes de realización da contratación pola cal se solicita subvención.

3. Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo e neto non se computarán as persoas traballadoras fixas cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes ou cuxas baixas se producen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

No caso de que nos tres meses anteriores á contratación pola cal se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontinuas, estas computaranse como persoal fixo.

4. A xornada da contratación indefinida inicial a tempo parcial deberá ser como mínimo do 50 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada máxima legal.

5. O contrato temporal formalizado con persoas desempregadas pertencentes a algún dos colectivos en risco de exclusión social relacionados no artigo 3.2 desta orde deberá ter unha duración inicial mínima de 6 meses.

5. O contrato temporal formalizado con persoas desempregadas perceptoras da Risga definidas no artigo 3.4 desta orde deberá ter unha duración inicial mínima de 7 meses.

6. As contratacións polas cales se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.



**Artigo 45. Contías dos incentivos**

1. As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 10.000 euros.
2. As contratacións temporais incentivaranse de seguinte xeito:

Duración do contrato	Contía
6 meses	2.500 €
7 meses	2.900 €
8 meses	3.300 €
9 meses	3.700 €
10 meses	4.100 €
11 meses	4.550 €
12 meses	5.000 €

3. A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

4. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

**Artigo 46. Exclusiones****A) Contratación indefinida inicial:**

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como



as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

#### B) Contratación temporal:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.



#### Artigo 47. *Solicitudes e documentación*

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo IV-A, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

1. No caso de non presentar a autorización para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante e/ou da persoa representante da solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade (anexo IV-A), de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, copia do DNI ou do NIE.

Se o solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude e NIF da empresa no caso de denegar expresamente a súa consulta para a súa verificación a través do servizo de interoperabilidade correspondente no formulario de solicitude.

2. Documentos TC2 ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondentes ás tres mensualidades anteriores ao mes de realización da contratación.

3. No caso de contratación indefinida inicial, declaración do cadro de persoal, neto e fixo, de todos os centros de traballo da empresa en Galicia nos tres meses anteriores ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada pola cal se solicita subvención (anexo IV-B).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 44.3 desta orde.

4. No caso de contratación temporal, declaración do cadro de persoal neto de todos os centros de traballo da empresa en Galicia nos tres meses anteriores ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada pola cal se solicita subvención (anexo IV-C).

5. Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola cal se solicita subvención (anexo IV-D) e a nómina do mes de contratación.

6. Documentos TC2 ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondentes á mensalidade da contratación obxecto de solicitude de subvención.



7. Documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza ao correspondente colectivo subvencionado.

*Artigo 48. Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo establecidos na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 20 de decembro de 2016. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación que hai que presentar é a seguinte:

a) Documento TC2 ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente á mensualidade da contratación obxecto de subvención.

b) Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, complementaria da presentada coa solicitude, segundo o modelo do anexo IV-E.

c) Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar as persoas traballadoras acerca do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos, segundo o modelo do anexo IV-F.

d) De ser o caso, extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados e a subvención concedida. Os documentos que se acheguen deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron, as datas e os números dos asentos contables.

e) Documentación acreditativa do cumprimento das obrigas de información e publicidade a que se refire o artigo 14.2.a) desta orde.

f) Información dos indicadores de execución sobre as entidades e os participantes a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) número 1304/2013, do Parlamento Europeo



e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, de acordo co modelo que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria: <http://traballo.xunta.es>.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

3. En todo caso, nas axudas deste capítulo respectaranse as condicións da normativa estatal en materia de subvencionalidade dos gastos cofinanciados polo FSE.

#### Artigo 49. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Son obrigas das entidades beneficiarias.

A) Contratación indefinida inicial:

Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas durante un período de 2 anos contado desde a data de realización da contratación.

No suposto de extinción da relación laboral dunha persoa traballadora pola cal se concede a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación indefinida inicial, polo menos en tempo de dedicación igual ao anterior, e a nova persoa traballadora deberá ser desempregada e pertencente a algún dos colectivos en risco de exclusión social relacionados no artigo 3.2 desta orde. Esta substitución deberá realizarse ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

B) Contratación temporal:

Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención.

No suposto de extinción da relación laboral dunha persoa traballadora pola cal se concede a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación temporal, polo menos en tempo de dedicación igual ao anterior, e a nova



persoa traballadora deberá ser desempregada e pertencente a algún dos colectivos en risco de exclusión social relacionados no artigo 3.2 desta orde. Esta substitución deberá realizarse ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

2. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga, corresponderalle á Secretaría Xeral de Emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

No caso da contratación indefinida inicial, o beneficiario está obrigado a presentar, nos tres meses seguintes ao remate deste prazo, as nóminas das 24 mensualidades correspondentes a cada traballador subvencionado.

3. No prazo máximo de catro semanas desde o cumprimento dos prazos de mantemento da condición de traballador a que se refire o parágrafo 1 anterior, a entidade beneficiaria deberá presentar, respecto de cada unha das persoas polas cales se percibiu a subvención ou as persoas substitutas, os indicadores de resultado inmediatos a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) número 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

#### Artigo 50. *Reintegro*

Procederá o reintegro da axuda cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

##### A) Contratación indefinida inicial:

1. Cando a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 49.1 a) deste capítulo, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme ao establecido no antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Neste suposto hai que diferenciar entre o reintegro total, cando non se leve a cabo a substitución da persoa traballadora que causou baixa, e o reintegro parcial, que procederá nos seguintes casos:

a) Si se efectuou a substitución, pero esta non foi feita no prazo anteriormente indicado.





O cálculo da contía que hai que reintegrar parcialmente farase do seguinte xeito:

i. Divídese entre vinte e catro meses a subvención concedida.

ii. Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose para estes efectos o prazo que se concede para proceder á substitución. Así mesmo, o mes en que se leve a cabo a substitución considerarase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

iii. E multiplícase o importe obtido na primeira operación (i) polo número de meses en que o posto de traballo estivese vacante.

b) Si se efectuou a substitución pero esta non foi feita polo menos cunha xornada de traballo igual ao da persoa que causou baixa, ou no suposto dunha modificación da xornada de traballo da persoa contratada e subvencionada.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería pola xornada inferior e o cálculo da contía que hai que reintegrar farase do seguinte xeito:

i. Divídese entre vinte e catro meses o importe concedido pola persoa traballadora de que se trate.

ii. Calcúlase a subvención que lle correspondería en función da nova xornada de traballo e divídese entre vinte e catro meses.

iii. Á contía obtida na operación primeira (i) réstaselle a contía obtida na operación segunda (ii).

iiii. O resultado multiplícase polo número de meses que resten ata cumprir os vinte e catro, tendo en conta que o mes en que se leve a cabo a substitución será computado entre os meses con xornada inferior, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

B) Contratación temporal:

1. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando a persoa traballadora non sexa substituída pola empresa unha vez que transcorre a duración mínima do contrato para que este poida ser subvencionado. O cálculo da contía que se reintegrará farase en función dos meses en que



a persoa traballadora estivo na empresa en relación coa duración total do contrato obxecto de subvención.

2. Entenderase que se produce un incumprimento total e, polo tanto, procederá o reintegro total dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria nos xefes e xefas territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para a tramitación e resolución dos expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición adicional segunda. *Información sobre a xestión de subvencións*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR349A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)  CNAE  DATA INICIO ACTIVIDADE

Nº DE CONTRATACIÓN POLAS CALES SOLICITA SUBVENCIÓN  Nº INSCRICIÓN NA S.S.  Nº PERSONAS TRABALLADORAS DA EMPRESA (1)

(1) Nº de persoas traballadoras da empresa no ámbito territorial de Galicia

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

a) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

b) Que non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 12 e non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas no artigo 21 da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que se reúnen as condicións para ser beneficiario de acordo co establecido no artigo 4 da orde de convocatoria.

c) Que non foi excluída do acceso aos/as beneficiarios derivados/as da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A  
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)**

d) Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

e) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anos anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**

<input type="checkbox"/>	Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/>	Copia do DNI ou NIE da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/>	Se a persoa solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade.				
<input type="checkbox"/>	Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia nos tres meses anteriores ao mes de inicio da relación laboral, no modelo anexo I-B; de solicitarse subvención pola contratación indefinida de máis dunha persoa traballadora con diferentes meses de inicio da relación laboral, presentaranse tantas declaracións do cadro de persoal como corresponda.				
<input type="checkbox"/>	Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola cal se solicita subvención (anexo I-C) e a nómina do mes da contratación.				
<input type="checkbox"/>	Se é o caso, documentación acreditativa das baixas producidas polas causas previstas no artigo 20.3.				
<input type="checkbox"/>	Documentos TC2 ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondentes ás tres mensualidades anteriores ao mes de contratación e documento TC2 ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente á mensuralidade de contratación.				
		PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/>	Copia do NIF de persoa xurídica, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral de Emprego, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A  
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopp.industria@xunta.es

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de

galicia

Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de



FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

SEDE ELECTRÓNICA

Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-B

**PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL**
**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN GALICIA**

MESES	Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS <sup>(1)</sup>	Nº PERSOAS TRABALLADORAS TEMPORAIS <sup>(2)</sup>	Nº PERSOAS TRABALLADORAS FIXAS <sup>(2)</sup>	Nº DE BAIXAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTA NO ARTIGO 20.3 <sup>(3)</sup>
TOTAIS	A	B	C	D

<sup>(1)</sup> Deberán incluírse todas as persoas traballadoras polas cales se cotizou segundo o TC2 no correspondente mes e respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia, na primeira columna o total, na segunda os temporais e na terceira as fixas.

<sup>(2)</sup> As persoas traballadoras con contratos de interinidade para substituír persoas traballadoras fixas con reserva do posto de traballo inclúiranse na columna terceira: nº de persoas traballadoras fixas. E non se inclúiran na columna correspondente ao número de persoas traballadoras temporais. Se a persoa traballadora con contrato de interinidade substitúe unha persoa traballadora con obriga de cotización, e que consta no TC2, a persoa interina non se computa.

<sup>(3)</sup> Baixas das persoas traballadoras con contrato indefinido que se producen por dimisión ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución do contrato durante o período de proba.

**MEDIA DO CADRO DE PERSOAL PARA OS EFECTOS DE DETERMINAR QUÉ CONTRATACIÓNS PODERÁN SER SUBVENCIONABLES**

MEDIA PERSOAS TRABALLADORAS FIXAS (C-D)/3

MEDIA TOTALIDADE DO CADRO DE PERSOAL (A-D)/3

**CADRO DE PERSOAL NO MES DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL**

MES DA CONTRATACIÓN

Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS



Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS FIXAS

**DECLARA** que os datos consignados son certos e que responden á evolución do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


 FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




ANEXO I-C

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL  
RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN (1)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO

CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN S.S.

(1) Cando se solicite subvención pola contratación de persoas traballadoras para máis dun centro de traballo na mesma provincia, indicarse o enderezo de todos eles

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

PROVINCIA

RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

APELIDOS E NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO	SEXO	COLECTIVO (1)	TEMPO EN DESEMPREGO	XORNADA (2)	DATA INICIO	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS ANUAIS

(1) Indíquese o colectivo a que pertenza a persoa traballadora: a) persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego , b) persoas desempregadas maiores de 45 anos que non sexan paradas de longa duración.

(2) Indíquese se a contratación se realiza a tempo completo (TC) ou a tempo parcial; neste caso farase constar a porcentaxe sobre a xornada ordinaria (TP:....%)(min. 50 %)

**DECLARA** que, como se acredita coa documentación que se achega, as persoas traballadoras relacionadas cumpren os requisitos e condicións exixidos na orde de convocatoria para cada caso e solicita a subvención correspondente ás contratacións indefinidas que se indican.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-D

**DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS EN RÉXIME DE MINIMIS**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

a) Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

b) Que esta entidade ten concedidas en réxime de *minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

CVE-DOG: pallytw7-sff1-7yn6-pcx6-9zcl5ekjx6c6





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-E

## INFORMACIÓN ÁS PERSOAS TRABALLADORAS

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>	
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (administrador/a, xerente ...)			
<input type="text"/>			


<b>INFORMA A:</b>			
Don/Dona	<input type="text"/>	, con NIF nº	<input type="text"/>
1º Que o seu contrato laboral foi subvencionado a esta empresa cun importe de <input type="text"/> (euros).			
2º Que o Fondo Social Europeo participa nun 80% no financiamento da dita subvención no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.			

<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>				
Lugar e data				
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>	de <input type="text"/>

## DECLARACIÓN DA PERSOA TRABALLADORA DE SER INFORMADA POLA EMPRESA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Don/Dona	<input type="text"/>	, con NIF nº	<input type="text"/>
mediante este documento declara e recoñece que recibiu información da empresa de que a súa contratación foi obxecto dunha subvención cofinanciada, no marco do programa operativo, polo Fondo Social Europeo cuxo obxectivo é o reforzo da cohesión económica e social, mellorando o emprego e as oportunidades de traballo, favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo.			

<b>SINATURA DA PERSOA TRABALLADORA</b>				
Lugar e data				
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>	de <input type="text"/>



Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II-A

PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR349C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)  CNAE  DATA INICIO ACTIVIDADE

Nº DE CONTRATACIÓN POLAS CALES SOLICITA SUBVENCIÓN  Nº INSCRICIÓN NA S.S.  Nº PERSONAS TRABALLADORAS DA EMPRESA (1)

(1) Nº de persoas traballadoras da empresa no ámbito territorial de Galicia

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

a) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

b) Que non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 12 e non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas no artigo 21 da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que se reúnen as condicións para ser beneficiario de acordo co establecido no artigo 4 da orde de convocatoria.

c) Que non foi excluída do acceso aos/as beneficiarios derivados/as da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: pallytw7-sff1-7yn6-pcx6-9zcl5ekjx6c6



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO II-A**  
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)**

d) Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

e) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anos anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Copia do DNI ou NIE da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Se a persoa solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade.
- Declaración do cadro de persoal fixo de todos os centros de traballo da empresa en Galicia nos tres meses anteriores ao mes de inicio da relación laboral, no modelo anexo II-B; de solicitarse subvención pola contratación de máis dunha persoa traballadora con diferentes meses de inicio da relación laboral, presentaranse tantas declaracións do cadro de persoal como corresponda.
- Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola cal se solicita subvención (anexo II-C) e a nómina do mes da contratación.
- Se é o caso, documentación acreditativa das baixas producidas polas causas previstas no artigo 28.1.
- Documentos TC2 ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondentes ás tres mensualidades anteriores ao mes de contratación e documento TC2 ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente á mensuralidade de contratación.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do NIF de persoa xurídica, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral de Emprego, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola cal se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.  
Así mesmo, declaro que a dita documentación está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

CVE-DOG: pallytw7-sff1-7yn6-pcx6-9zcl5ekjx6c6





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO II-A**  
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopp.industria@xunta.es

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

 SEDE ELECTRÓNICA

Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II-B

**PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS**
**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**CADRO DE PERSOAL FIXO NOS TRES MES ANTERIORES AO MES DA CONTRATACIÓN**

